

DOMINGO TRINDADE CICLO C

PRIMEIRA Prov 8, 22-31:

Antes de que a terra fora feita xa fora concibida a Sabedoría

PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NO LIBRO DOS PROVERBIOS

Di a Sabedoría de Deus:

O Señor produciume ao encetar a súa tarefa,
antes das súas actividades;
desde a antigüidade, desde o remoto pasado fun formada,
antes das orixes da terra.

Cando non había océanos abismais, fun parida,
cando non había fontes, mananciais de auga;
aínda non foran afincadas as montañas,
antes dos outeiros, fun dada a luz;
cando aínda non fixera a terra e as campías
nin os terróns primeiros do mundo,
cando afirmaba o ceo, alí estaba eu;
cando gravaba o cerco arredor do abismo,
cando aseguraba as nubes no alto
e daba enerxía ás fontes subterráneas,
cando lle impuxo os lindes ao mar
de xeito que as augas non incumprisen o seu mandato,
cando fixaba os alicerces da terra,
alí mesmo estaba eu, cabo del, coma un mestre de obras,
dándolle gusto día tras día,
folgando diante del continuamente,
recreándome no orbe da terra,
e o meu pracer foron os seres humanos.

SALMO RESPONSORIAL Sal 8, 4-5. 6-7. 8-9

R/ (2a): ¡Señor, noso Señor, qué admirable é o teu nome en toda a terra!

Cando vexo o ceo, feitura da túa man,
a lúa e as estrelas que fixaches alí,
que é o home, para que o lembres,
o fillo do home, para que del te ocupes?

Por pouco non o fixeches coma os anxos,
coroáchelo de honor e dignidade;
décheslle mando sobre as obras das túas mans,
puxéchelo todo aos seus pés:

rabaños de ovellas e touros,
e mesmo as bestas do monte,
os paxaros do ceo e os peixes do mar,
que fan carreiros polas augas.

SEGUNDA Rm 5, 1-5:

Chegamos a Deus por medio de Cristo no amor derramado polo Espírito

**PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA
NA CARTA DE SAN PAULO APÓSTOLO AOS ROMANOS**

Irmáns e irmás:

Xustificados pola fe, estamos en paz con Deus, por medio do noso Señor Xesús Cristo. Por El temos tamén entrada a esta graza na que nos mantemos; e estamos orgullosos coa esperanza de lograr a gloria de Deus. E non só isto, senón que estamos orgullosos nas tribulacións, sabendo que a tribulación enxendra a paciencia, a paciencia proba a fidelidade e a fidelidade produce a esperanza. E a esperanza non falla, porque o amor de Deus vértese nos nosos corazóns mediante o Espírito Santo, que se nos deu.

ALELUIA Cf. Ap 1, 8:

Gloria ó Pai e ó Fillo e ó Espírito Santo, ó Deus que é, e que era, e que virá

DOMINGO TRINDADE CICLO C

EVANXEO Xn 16, 12-15

Todo o que ten o Pai é meu; o Espírito recibe do meu e darávolos a coñecer

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO XOÁN

Daquela díxolles Xesús aos seus discípulos:

- Aínda teño moitas cousas que vos dicir, pero non podedes con elas agora. Cando veña El, o Espírito da Verdade, havos encamiñar á verdade plena, pois non vos falará pola súa conta, senón que vos dirá o que escoitou e anunciaravos o que ha de pasar. El hame glorificar, pois recibirá do meu e interpretarávolos. Todo o que ten o Pai é meu, por iso díxenvos que recibirá do meu e volo interpretará a vós.